

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 12 de xuño de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e tres minutos do día doce de xuño do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez,, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37247.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de xuño de 2026.

2.37248.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026. (Expte.2026001821)

Antecedentes:

Primeiro.- A difusión da cultura é unha das tarefas a través da cal a Deputación de Pontevedra promove o fomento da música en todos os seus ámbitos. Así, as escolas de música da provincia eríxense como dinamizadoras culturais e constitúen para o alumnado en xeral e, en especial, para o de idades temperás, o primeiro contacto con profesionais do eido educativo musical, que lle transmiten coñecementos e valores culturais, fomentan a práctica da música como afección ou maior dedicación e supoñen un elemento dinamizador na contorna social na que se sitúan.



Nesta liña, o incremento na nosa provincia de escolas de música que contan coa autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a existencia de máis de oitenta bandas de música na provincia de Pontevedra inscritas no Catálogo de grupos Culturais da Deputación de Pontevedra son mostra da importancia que eses colectivos representan para a cultura popular galega.

Segundo.- Na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de 11 de marzo de 1993, regúlanse as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia, e salientase a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. No seu punto 12 clasifícanse as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Con estes antecedentes, quérese dar continuidade a esta liña subvencional activa desde o ano 2006, incrementando a súa dotación orzamentaria, co obxectivo de promover a labor das escolas de música na difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Terceiro.- Esta convocatoria define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a escolas de música dependentes das asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2026.

Cuarto.- As axudas están destinadas ás entidades titulares das escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical, que estean inscritas no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, antes de rematar o prazo establecido para a presentación de solicitudes, e que teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Quinto.- Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 26/330.3260.489.09 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de cento corenta e catro mil euros (144.000,00) euros, e a súa concesión estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Serán obxecto de subvención os seguintes gastos correntes e de persoal necesarios no desenvolvemento das súas actividades docentes para o funcionamento das escolas de música durante o ano 2026:

- Gastos de persoal (soldos, salarios, Seguridade Social ou mutualidades e IRPF).
- Material de oficina consumible (bolígrafos, lapis, folios, gomias etc.)



- Subministracións (electricidade, auga, teléfono ou internet).
- Reparación e conservación do local (limpeza, mantemento do ascensor ou da fotocopiadora).
- Reparación de instrumentos.
- Primas de seguros.
- Servizos profesionais (asesoría, xestoría).
- Prevención de riscos ou recoñecemento médico.

Sexto.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décima das bases reguladoras.

Sétimo.- Visto o informe favorable de Intervención de 25 de maio de 2026 con CSV:N6W6AKAOR3J277DG.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos



intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de 11 de marzo de 1993, régulanse as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia, e salientase a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. No seu punto 12 clasifícanse as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as bases para a concesión de axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2026 e que figuran co CSV: HIA141G8T3IPHY7 e que son do seguinte teor:

“BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026

A difusión da cultura é unha das tarefas a través da cal a Deputación de Pontevedra promove o fomento da música en todos os seus ámbitos.

Así, as escolas de música da provincia eríxense como dinamizadoras culturais e constitúen para, o alumnado en xeral e en especial para o de idades temperás, o primeiro contacto con profesionais do eido educativo musical, que lle transmiten coñecementos e valores culturais, fomentan a práctica da música como afección ou maior dedicación e supoñen un elemento dinamizador na contorna social na que se sitúan.

Nesta liña, o incremento na nosa provincia de escolas de música que contan coa autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a existencia de máis de oitenta bandas de música na provincia de Pontevedra inscritas no catálogo de grupos Culturea da Deputación de Pontevedra son mostra da importancia que eses colectivos representan para a cultura popular galega.

Na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de 11 de marzo de 1993, régulanse as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de



Galicia e salientase a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. No seu punto 12 clasifícanse as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Con estes antecedentes, constituída a nova Corporación provincial, quéreselle dar continuidade a esta liña subvencional activa desde o ano 2006, incrementando a súa dotación orzamentaria, co obxectivo de promover o labor das escolas de música na difusión e na valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Deste xeito, co fin de potenciar o funcionamento dos centros que imparten ensinanzas de música non reguladas, dependentes de asociacións sen ánimo de lucro, a Deputación establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a estas escolas de música ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa de aplicación, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a escolas de música dependentes das asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2026.

Segunda. Dotación económica

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. O importe total das axudas será de cento corenta e catro mil (144.000,00) euros, que se financiarán con cargo á aplicación 26/330.3260.489.09 do Orzamento provincial para o ano 2026.



Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as entidades titulares das escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical, que estean inscritas no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, antes de rematar o prazo establecido para a presentación de solicitudes, e que teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades que teñan pendentes de xustificar as subvencións para o funcionamento das escolas de música concedidas no exercicio anterior.

Cuarta. Gastos subvencionables e non subvencionables

Serán obxecto de subvención os seguintes gastos correntes e de persoal necesarios no desenvolvemento das súas actividades docentes para o funcionamento das escolas de música durante o ano 2026.

- *Gastos de persoal (soldos, salarios, Seguridade Social ou mutualidades e IRPF).*
- *Material de oficina consumible (bolígrafos, lapis, folios, gomas etc.).*
- *Subministracións (electricidade, auga, teléfono ou internet).*
- *Reparación e conservación do local (limpeza, mantemento do ascensor ou da fotocopiadora).*
- *Reparación de instrumentos.*
- *Primas de seguros.*
- *Servizos profesionais (asesoría, xestión).*
- *Prevención de riscos ou recoñecemento médico.*

Non poderán ser obxecto de subvención os seguintes conceptos:

- *A adquisición de instrumentos musicais.*
- *A compra de equipos informáticos e de son.*
- *A adquisición de mobiliario.*
- *O desenvolvemento e o mantemento de aplicacións informáticas.*
- *Os gastos propios da banda de música (vestiario, desprazamentos, seguros ou cotas de federacións etc.).*

Quinta. Lugar e forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.



O formulario normalizado de iniciación recolle todos os campos de datos necesarios para a tramitación do procedemento (orçamento e declaracións responsables, entre outros) que deberán cubrir obrigatoriamente as persoas interesadas.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e rematará o 30 de setembro de 2026.

Sétima. Comprobación dos datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade titular do centro.*
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.*
- c. Domicilio fiscal das entidades solicitantes.*
- d. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- e. Inscripción no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás mencionadas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente do formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas
Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.



Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, ou a través de <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décima. Valoración das solicitudes

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva; para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

1. Número de alumnas e alumnos matriculados no curso 2025-2026, ata 25 puntos:

<i>Menos de 100</i>	<i>10 puntos</i>
<i>De 101 a 150</i>	<i>15 puntos</i>
<i>De 151 a 200</i>	<i>20 puntos</i>
<i>Máis de 200</i>	<i>25 puntos</i>

2. Número de docentes, ata 15 puntos:

<i>Menos de 9</i>	<i>8 puntos</i>
<i>De 9 a 12</i>	<i>10 puntos</i>
<i>De 13 a 15</i>	<i>12 puntos</i>
<i>Máis de 15</i>	<i>15 puntos</i>

3. Orzamento de gastos da escola de música, ata 35 puntos:

<i>Menos de 20.000 €</i>	<i>10 puntos</i>
<i>De 20.001 a 30.000 €</i>	<i>15 puntos</i>
<i>De 30.001 a 40.000 €</i>	<i>20 puntos</i>
<i>De 40.001 a 50.000 €</i>	<i>25 puntos</i>
<i>De 50.001 a 75.000 €</i>	<i>30 puntos</i>
<i>Máis de 75.000 €</i>	<i>35 puntos</i>

4. Especialidades impartidas, ata 25 puntos:

<i>Menos de 9</i>	<i>10 puntos</i>
<i>De 9 a 12</i>	<i>15 puntos</i>
<i>De 13 a 15</i>	<i>20 puntos</i>
<i>Máis de 15</i>	<i>25 puntos</i>

A Deputación poderá requirirlles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados por estas.

Concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin. Non obstante, o conxunto de todas elas non poderá en ningún caso superar o 100 % do custo da actividade ou do investimento que desenvolva a entidade beneficiaria.



Décimo primeira. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes, segundo os criterios sinalados na base décima, e se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes emitido polo xefe do servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- *Presidente: o xefe do Servizo de Cultura.*
- *Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e un membro do persoal técnico do Servizo de Intervención.*
- *Secretaría ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura, que actuará sen voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- *Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- *Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención.*

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo segunda. Modificación da resolución

De conformidade co establecido no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois dunha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen os dereitos de terceiras persoas.



Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto dunha resolución da Presidencia logo da proposta previa da Comisión de Valoración, na que se deberán ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, tras o informe do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

Décimo terceira. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo de presentación das xustificacións remata o 31 de xaneiro de 2027.

As subvencións estarán condicionadas polos orzamentos dispoñibles e destinaranse a financiar operacións correntes propias da escola de música (gastos de funcionamento e profesorado) do ano 2026.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos, segundo o previsto na base oitava, a seguinte documentación:

- a. *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicaranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total.*
- b. *Conta xustificativa dos gastos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, se poñerá de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda e se indicará que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, segundo se establece no artigo 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*



- c. *Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.*
- d. *Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás entidades provedoras antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.*
- e. *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.*
- f. *Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.*
- g. *Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán, no momento do pago, estar ao corrente coas súas obrigas fiscais coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.*
- h. *Acreditación da debida difusión mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos do financiamento desta actividade por parte da Deputación.*

Décimo cuarta. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.



Décimo quinta. Incumplimento

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo terceira sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

O logotipo da Deputación de Pontevedra deberá figurar nas comunicacións, nos escritos e na propaganda das escolas de música beneficiarias.

Décimo sétima. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- *Se se obtiveron falseando as condicións requiridas.*
- *Se non se aplicaron aos fins para os que foron concedidas.*
- *Se a entidade beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Décimo oitava. Órgano competente para a aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para 2026, e segundo o recollido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases e da convocatoria é a Xunta de Goberno.

Décimo novena. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, transmitiráselle á BDNS o texto da convocatoria para a súa publicación nesta base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, derivan.



A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo primeira. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases seguirase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016, nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio de 2026, na LXS, na LPACAP e na demais lexislación aplicable.”

3.37249.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA”. (Expte. 2026015504)

Antecedentes

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra “Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre a rúa de Pontevedra e a rúa da República Argentina”.
- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, na data 23/02/2026, mediante número de rexistro 2026003104 (completada na data 13/05/2026, mediante número de rexistro 2026010731), o Concello de Vigo remite á Deputación a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.
- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS CATROCENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (2.418.628,83 €) IVE engadido, e proponse que a achega da Deputación sexa de UN MILLÓN SETECENTOS MIL EUROS (1.700.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14 e que a achega do Concello de Vigo sexa de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (718.628,83 €) con cargo á correspondente aplicación do orzamento municipal do 2026.



O orzamento da actuación detállase na seguinte táboa:

Orzamento base de licitación con IVE:	2.163.628,83 €
---------------------------------------	----------------

Estimación de custos asociados á execución da obra:

Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra	20.000,00 €
Contrato de Asistencia técnica á Dirección da obra	50.000,00 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	185.000,00 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	2.418.628,83 €
--	----------------

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 11/03/2026 (CSV: UVUQHGLMVIJXC MDB), o informe de supervisión do proxecto técnico, emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación, de 14/05/2026 (CSV: EAQFW4F08SOFJCBW), o informe do xefe do Servizo de Cooperación de 14/05/2026 (CSV: CMB8LV5XC5VFOAYC) e o informe de Intervención, de fiscalización favorable do expediente, de 04/06/2026 (CSV: YN3IFKD3U6LNRNGA), manifestando a existencia de crédito suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación 2026/942.9420.762.14 do orzamento provincial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Consideracións xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, que atribúe aos concellos o exercicio de competencias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu artigo 80.2.d) e l) que exercerán, entre outras, competencias en materia de pavimentación de vías públicas urbanas, subministración de auga, alumeadado público e rede de sumidoiros.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que, a través dos convenios de cooperación, as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2026, dotación orzamentaria na aplicación 2026/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ao concello.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia para resolver

Correspóndelle á Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 das aprobadas para a execución do orzamento provincial.



CONCLUSIÓN

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, a súa veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación Provincial e o Concello de Vigo conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra "Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre a rúa de Pontevedra e a rúa da República Argentina". Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Á vista de que consta no expediente toda a documentación válida para a súa aprobación, así como os informes favorables pertinentes do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, en virtude dos principios de celeridade e eficiencia administrativas, estímase axeitado someter a aprobación deste convenio con carácter previo ao ditame da Comisión informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, non obstante, condiciónase dita aprobación a que se lle dea conta na primeira sesión que se celebre.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA".

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:



"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dan fe da formalización D.ª María Beatriz del Cerro del Río, secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra e D.ª Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.



III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora das infraestruturas de titularidade públicas.

IV.- O obxectivo deste convenio é seguir mellorando a calidade dos espazos públicos vinculados a mellora da mobilidade urbana da Cidade de Vigo.

V.- Que o artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, á infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2026, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra



"HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra " HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA", foi redactado polo arquitecto Javier Couto Granja, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS con OITENTA E TRES CÉNTIMOS (2.163.628,83 €), asinado dixitalmente o día 27.02.2025 e aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión de data 31/03/2025.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS CATROCENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (2.418.628,83 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

O proxecto ten o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	2.163.628,83 €
---------------------------------------	----------------

Estimación de custos asociados á execución da obra:

Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra	20.000,00 €
Contrato de Asistencia técnica á Dirección da obra	50.000,00 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	185.000,00 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	2.418.628,83 €
--	----------------

2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de UN MILLÓN SETECENTOS MIL EUROS (1.700.000,00 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2026	1.700.000,00 €
----------------	----------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra será financiada con cargo ós créditos da aplicación 2026/942.9420.762.14 e de acordo á execución indicada anteriormente.



3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (718.628,83 €), desagregados da forma seguinte:

<i>Exercicio 2026</i>	<i>718.628,83 €</i>
-----------------------	---------------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos na aplicación 1532.619.00.55, proxecto de gasto 25153255 do orzamento 2026.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- As obras serán executadas segundo o proxecto técnico, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes e formule as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

3.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos de relevancia institucional ou mediática sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial, en concreto, O Concello deberá comunicarlle á Deputación os actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización do investimento financiado ao abeiro deste convenio. Para estes efectos:



- *O Concello comunicaralle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora na que terá lugar a comprobación da implantación, á que asistirá, de considerarse procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da institución provincial. Así mesmo, a entidade municipal remitiralle á Deputación un exemplar da acta de comprobación da implantación xunto coa fotografía dos carteis de obra que acrediten a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación. Os carteis de obra serán colocados no momento da sinatura da devandita acta, axustándose ao disposto no manual de identidade corporativa (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).*
- *Os facultativos técnicos do Servizo de Cooperación poderán visitar as actuacións en execución. Para isto, e para os efectos de organizar a visita, o Concello comunicaranlle ao citado servizo coa suficiente antelación, polo menos de catro días, cando se acade o 50 % e o 100 % de execución do contrato.*
- *O Concello comunicaralle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que terá lugar, ao remate da obra, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa desta. A Administración municipal remitiralle á provincial un exemplar da acta de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.*
- *De ser o caso, o Concello comunicaralle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que se celebre calquera acto público de relevancia institucional ou mediática con motivo do seguimento, difusión, posta en valor ou inauguración da actuación referida, aos que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.*

5.- O incumprimento do deber de colocar os carteis de obra ou calquera outra obriga relacionada coa difusión pública e/ou de efectuar as comunicacións relacionadas nos apartados precedentes implicará a imposición de deducións graduadas do modo seguinte:

- *O primeiro requirimento implicará unha advertencia.*
- *O segundo requirimento implicará unha dedución do 5 % da subvención concedida co obxecto de financiar o investimento.*
- *O terceiro requirimento supoñerá unha dedución do 10 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se lle sumará á dedución anterior.*
- *O cuarto requirimento implicará unha dedución do 15 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se acumulará ás anteriores.*
- *O quinto e sucesivos requirimentos implicarán deducións do 20 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se sumarán ás anteriores, e que poderá dar lugar, de ser o caso, á perda total do dereito ao cobro da subvención concedida.*



CUARTO. - XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- *Contrato de adxudicación da obra.*
- *Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.*
- *Acta de comprobación de implantación.*
- *Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.*
- *Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
- *Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.*

Así mesmo, coa finalización das obras, xunto coa última certificación ordinaria, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- *Informe final do/a Director/a da obra.
Se o informe fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidacións), este informe acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.*
- *De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.*
- *Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*



A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiamento para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA", polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de UN MILLÓN SETECENTOS MIL EUROS (1.700.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente ás cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado máis aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.*



- *Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.*
- *Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- *Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- *Compartir coa Deputación de Pontevedra toda a información da que dispoña sobre o avance da obra e sempre antes de facela pública.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- *Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.*

SÉTIMO.- PUBLICIDADE



En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- *Dende o inicio das obras ata a súa total terminación, deberán colocarse os carteis de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra, que se axustarán ao disposto no manual de identidade corporativa (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).*
- *Facerse cargo, económica e fisicamente, dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, os carteis colocaranse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestructura viaria ou no seu subsolo, situaranse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal. En todo caso, sen prexuízo do anterior, deberán colocarse nun lugar suficientemente visible.*
- *Aprobar conxuntamente coa Deputación de Pontevedra o contido de calquera outro cartel ou elemento informativo que conteña a imaxe corporativa ou institucional, independentemente do seu tamaño ou situación. A presenza de carteis ou sinais situados no ámbito da obra que conteñan imaxes ou logotipos institucionais deberá ser equitativa ao 50%, independentemente do seu tamaño ou lugar de colocación.*
- *Aplicar un criterio proporcional e equivalente á colaboración das entidades participantes en calquera placa ou elemento que se coloque para informar da execución da obra unha vez concluída esta.*
- *Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados sempre que se refiran a esta actuación, en calquera comparecencia pública, rolda de prensa ou intervención nos medios de comunicación, indicando sempre cal é o importe que achega cada institución e que porcentaxe representan os devanditos importes. Do mesmo xeito, esta información deberá recollerse en todos os comunicados ou notas de prensa que emita o Concello e na respectiva páxina web oficial da do Concello de Vigo. A devandita información debe facerse pública de xeito verbal, por escrito ou por medios audiovisuais se fose o caso.*
- *Asinar de xeito dixital este convenio e, ademais, deberá acompañarse dun acto público de sinatura presencial con convocatoria aos medios de comunicación, garantindo así a*



necesaria publicidade do acordo. Esta firma presencial correrá a cargo dos máximos dirixentes de ambas institucións -alcalde e presidente provincial-, que estarán acompañados dunha persoa representante do Concello de Vigo escollida libremente polo propio Concello e dunha persoa representante da Deputación Provincial de Pontevedra escollida libremente pola Deputación Provincial de Pontevedra.

- *Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.*

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

En todo caso, a publicidade da colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo deberá realizarse conforme ao manual de identidade corporativa que se atope vixente e publicado na páxina web da Deputación no momento da aprobación do convenio, de tal forma que sirva como documento de referencia á hora de poñer en práctica todas as accións de publicidade e difusión que resultan obrigatorias conforme ao actual marco normativo.

O incumprimento do deber de darlle publicidade á subvención concedida, tanto no relativo á colocación dos carteis de obra no momento da sinatura da acta de comprobación de implantación como a calquera outra obriga relacionada coa difusión pública, dará lugar á imposición das deducións que se establecen no pacto TERCEIRO e, no seu caso, á perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A falta de previsións concretas, rexerán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027),



especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*



- *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- *A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.*
- *A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO. - VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de xuño de 2027, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2027.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de xuño de 2028.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciarase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.

DÉCIMO SEGUNDO. - EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.



Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO. - RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Vigo, Abel Caballero Álvarez

A secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, Susana Gallardo Fariña

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López Diéguez

A secretaria da Deputación de Pontevedra, María Beatriz del Cerro del Río"

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do seu texto polo órgano competente do Concello de Vigo.

- FACULTAR ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



4.37250.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO *CONCELLO DE CAMBADOS*, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “SUBMINISTRO DUNHA MINICARGADORA ULTRACOMPACTA”. (Expte. 2026041788)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 28/11/25 adoptou no acordo 5.8542 a prórroga do Plan + Provincia 2024, que foi publicada no (BOPPO) núm. 232 do 03/12/2025.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos, dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.
- No marco do Plan + Provincia 2024 Liña 1 - Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 5.33850 de data 31/05/2024, concedéuselle ao concello de CAMBADOS unha subvención por importe de 89.993,75 €, para financiar o investimento “RENOVACION URBANA DA PRAZA AS RODAS” (exp.: 2024020167), cun orzamento polo importe de 89.993,75 €.
- En data 01/06/2026, mediante resolución presidencial núm. RP2026004459, trala petición formulada polo concello, acéptase a desistencia do *Concello de CAMBADOS* á subvención concedida salientada no parágrafo anterior co obxecto do financiamento do investimento “RENOVACION URBANA DA PRAZA AS RODAS” (exp.: 2024020167) deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 2026/942.9425.762.45.24 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 89.993,75 € para o financiamento dunha nova actuación que pretende acometer o *concello*.
- Neste contexto, en data 21/05/2026 por rexistro WEB2026044191, o *concello de CAMBADOS*, presenta solicitude de subvención por cambio de finalidade, encadrada na liña 1 do Plan + Provincia 2024, por importe de 89.993,75 €, con destino ao financiamento da actuación “SUBMINISTRO DUNHA MINICARGADORA ULTRACOMPACTA”, cun orzamento que importa 89.993,75 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	89.993,75€	89.993,75€	0,00€	0,00€



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 21/05/2026 e do Xefe do



Servizo de Cooperación de data 02/06/2026 que informa favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, e o informe favorable da Intervención Provincial de data 03/06/2026 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CAMBADOS (CIF.:P3600600E), por cambio de finalidade, a cantidade de 89.993,75 euros, con destino ao financiamento do investimento “SUBMINISTRO DUNHA MINICARGADORA ULTRACOMPACTA” (exp: 2026041788) cun orzamento que ascende a 89.993,75, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios concello
2024	89.993,75	89.993,75	-	-

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45.24 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 30 de setembro de 2026 e xustificado o 31 de outubro de 2026, en base a prórroga do Plan + Provincia 2024 publicada no BOPPO núm. 232 de 03 de decembro de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- DARLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de CAMBADOS, á Intervención e ao Gabinete da Presidencia.

5.37251.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO III PEID PARA A ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DO NOVO MUNICIPAL”. (Expte. 2026015567)

Antecedentes

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).



- En data 06/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026016683), ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do *concello da Estrada* na que, acolléndose ao disposto na base 25ª do plan, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 186.773,53 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (III PEID) do investimento “REMODELACIÓN DO NOVO MUNICIPAL”, cuxo orzamento ascende ao 388.407,17 euros. Deste modo, a petición do *concello da Estrada* queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026)	III Plan de Infraestruturas Deportivas
2026	388.407,17€	186.773,53€	201.633,64€

- Revisado o expediente, despréndese que a solicitude cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación prevista na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.
- Conclúese que toda a documentación técnica e administrativa relativa á obra de referencia se atopa debidamente integrada e consultable a través dos seguintes rexistros:
 - o Expediente 2025082723, con núm. rexistro entrada WEB2025087559 de data 29/12/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.



- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 28/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A ESTRADA, CIF: P3601700B, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 186.773,53 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao III PEID para a execución da actuación "REMODELACIÓN DO NOVO MUNICIPAL" (Exp.: 2026015567), cuxo orzamento ascende a 388.407,17 euros, quedando configurada a súa financiación tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTROS PLANS OU PROGRAMAS-€
2026	388.407,17 €	186.773,53 €	201.633,64 € (III PEID)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID) aprobado por acordo plenario núm. 5.8494 de 30/09/2025 (BOPPO nº189 do 03/10/2025), de acordo co establecido na base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Conforme a base 25ª e 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado co obxecto de financiar as achega municipais para investimentos integrados noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación rexeráse na súa execución e xustificación polas normas do plan que se está a co-financiar. Non obstante, de contemplarse neses plans, programas ou convenios diferentes prazos en materia de execución e presentación da documentación xustificativa con respecto ao Plan + Provincia 2026-2027, tomaráse en consideración o plan que contemple o prazo máis restritivo. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A ESTRADA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.37252.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ARRANXO DE VÍAS MUNICIPAIS NA ZONA SUR". (Expte.2026015556)

Antecedentes

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 06/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026016745), ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do *concello da ESTRADA* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 928.080,32 euros, con destino ao financiamento "*ARRANXO DE VÍAS MUNICIPAIS NA ZONA SUR (PLAN + PROVINCIA 2026)*", en base a un orzamento polo mesmo importe.



- En datas posteriores, o concello emenda e completa a documentación achegada.
- O concello, consonte ao recollido na base 5º das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de fondos entre liñas.
- Consta no expediente documento relativo a titularidade dos terreos sobre os que se vai actuar, así como o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención o informe do redactor do proxecto, avalado polo técnico municipal contempla á necesidade de outorgamento da autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación.
- A devandita autorización, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado previo serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 29ª das reguladoras.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 06/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A Estrada (P3601700B), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 928.080,32 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Arranxo de vías municipais na zona sur” (Expte.:2026015556), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	928.080,32 €	928.080,32 €	0,00 €	0,00 €

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á autorización favorable do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, así como a aportación do acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A Estrada, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.37253.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE A ESTRADA*, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE ESTACIONAMENTO PARA CAMIÓNNS” (Expte.2026015563)

Antecedentes

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 06/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026016738), ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do *concello da Estrada* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 60.973,78 euros, con destino ao financiamento “*CONSTRUCCIÓN DE ESTACIONAMENTO PARA CAMIÓNNS*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- En datas posteriores, o concello emenda e completa a documentación achegada.
- O concello, consonte ao recollido na base 5º das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de fondos entre liñas.
- Consta no expediente documento relativo a titularidade dos terreos sobre os que se vai actuar, así como o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29º, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/05/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 06/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A Estrada (P3601700B), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 60.973,78 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Construción de estacionamento para camións*" (Expte.:2026015563), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	60.973,78 €	60.973,78 €	0,00 €	0,00 €



- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A Estrada, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37254.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE NIGRÁN*, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACONDICIONAMENTO DA RÚA RUBIDO E CONTORNA DA ROMANA". (Expte. 2026024805)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).



- Con data 30/03/2026, mediante rexistro WEB2026025541, o Concello de Nigrán formalizou en tempo e forma, a través da sede electrónica provincial, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 228.858,66 euros, para o financiamento do investimento "ACONDICIONAMENTO DA RÚA RUBIDO E CONTORNA DA ROMANA" (expdte 2026024805). O orzamento total da actuación cífrase no mesmo importe.
- En datas posteriores, o Concello completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico



ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico, de data 22/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 04/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de NIGRÁN, CIF: P3603500D, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 228.858,66 euros, con destino ao financiamento do investimento “Acondicionamento da rúa Rubido e contorna da Romana” (expdte 2026024805). O orzamento total da actuación cífrase no mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, xunto coa primeira xustificación da axuda económica, as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Deberá achegar, así mesmo, a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado a 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Notificar o presente acordo ao concello de Nigrán e darlle traslado á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.37255.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RÚA ERNESTINA OTERO E NA SÚA CONTINUACIÓN POLO PASEO DE XUNQUEIRA, REDONDELA". (Expte.2026010729)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/02/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026012590), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de REDONDELA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 659.157,13 euros, con destino ao financiamento "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RÚA ERNESTINA OTERO E NA SÚA CONTINUACIÓN POLO PASEO DE XUNQUEIRA, REDONDELA", cun orzamento por importe de 659.157,13 euros, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	659.157,13€	659.157,13€	0,00€	0,00€

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos terreos precisos para levar a cabo a execución da actuación.

O concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización dos seguintes organismos afectados:

- ✓ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- ✓ Augas de Galicia.
- ✓ Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.
- ✓ ADIF.
- ✓ Servizo de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- ✓ Servizo de Infraestruturas e mobilidade da Deputación de Pontevedra.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, agás no relativo á aprobación do documento técnico e acta de implantación (anexo III) por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial da consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, do ADIF, do servizo de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e do servizo de Infraestruturas e mobilidade da Deputación de Pontevedra, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/04/2026, e do xefe



do servizo de Cooperación, de data 14/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de REDONDELA (P3604500C), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 659.157,13 euros, co obxecto do financiamento do investimento "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RÚA ERNESTINA OTERO E NA SÚA CONTINUACIÓN POLO PASEO DE XUNQUEIRA, REDONDELA" (exp.2026010729), cuxo orzamento ascende a 659.157,13 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	659.157,13€	659.157,13€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, da ADIF, do servizo de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, así como o pronunciamento de Augas de Galicia sobre a declaración responsable presentada polo Concello ante dito organismo, a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de implantación (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de REDONDELA, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



10.37256.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026/2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "EDIFICACIÓN DESTINADA A MUSEO E SALAS POLIVALENTES, REDONDELA". (Expte.2026025785)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026027301), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de REDONDELA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 419.409,18 euros, con destino ao financiamento "EDIFICACIÓN DESTINADA A MUSEO E SALAS POLIVALENTES, REDONDELA", cun orzamento por importe de 1.048.522,95 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	641.527,50	12.413,73	629.113,77	0,00
2027	406.995,45	406.995,45	0,00	0,00
TOTAL	1.048.522,95	419.409,18	629.113,77	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe da técnica municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, AESA. Consta no expediente autorización da AESA.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan +Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026 e 2027, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 22/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de REDONDELA (P3604500C), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026/2027) unha subvención por importe de 419.409,18 euros, distribuída en dúas anualidades, correspondendo 12.413,73 euros á anualidade 2026 e 406.995,45 euros á anualidade 2027, co obxecto do financiamento do investimento "EDIFICACIÓN DESTINADA A MUSEO E SALAS POLIVALENTES, REDONDELA" (exp.2026025785), cuxo orzamento ascende a 1.048.522,95 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	641.527,50	12.413,73	629.113,77	0,00
2027	406.995,45	406.995,45	0,00	0,00
TOTAL	1.048.522,95	419.409,18	629.113,77	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto, por importe de 12.413,73 euros (anualidade 2026), na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como o decreto (ou o acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, os investimentos imputados á anualidade 2026 deberán estar executados o 31/12/2027 e xustificados na súa totalidade o 31/05/2028. Os investimento imputados á anualidade 2027 deberán estar executados o 31/12/2028 e xustificados o 31/05/2029. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de REDONDELA, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.37257.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE SILLEDA*, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE". (Expte.2026016385)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 09/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026017508), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de SILLEDA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 240.598,39 euros, con destino ao financiamento "MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE", cun orzamento por importe de 240.598,39 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	240.598,39	240.598,39	0,00	0,00



O orzamento total contempla execución obra por importe de 227.231,82 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 5.728,53 euros, dirección de obra por importe de 3.819,02 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 3.819,02 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería do Medio Rural e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da



subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 06/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SILLEDA (P36052001), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 240.598,39 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE” (exp.2026016385), cuxo orzamento ascende a 240.598,39 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	240.598,39€	240.598,39€	0,00€	0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 227.231,82 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 5.728,53 euros, dirección de obra por importe de 3.819,02 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 3.819,02 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería do Medio Rural e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana, así como ó pronunciamento de Augas de Galicia sobre a declaración responsable presentada polo Concello ante dito organismo. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SILLEDA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.37258.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE OIA, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN "MELLORA DO CAMIÑO DO GALGUEIRO". (Expte. 2026040437)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos, dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.
- No marco do Plan + Provincia 2024 Liña 1 - Investimentos, acordo de Xunta de Goberno núm. 12.33704 de data 26/04/2024, concedéuselle ao concello de OIA unha subvención por importe de 209.504,00 €, para financiar o investimento "ADQUISICION DE VEHICULO PARA RECOLLIDA DE RESIDUOS" (exp.: 2024022331), cun orzamento polo importe de 209.504,00 €.
- En data 03/06/2026, mediante resolución presidencial núm. RP2026004481 , trala petición formulada polo concello, acéptase a desistencia do *concello de OIA* á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento "ADQUISICION DE VEHICULO PARA RECOLLIDA DE RESIDUOS" (exp.: 2024022331) deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 26/942.9425.762.45.2024 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 209.504,00 € para o financiamento de novas actuacións que pretende acometer o concello.



- Neste contexto, en data 15/05/2026 por rexistro WEB2026042640, o *Concello de OIA*, presenta solicitude de subvención por cambio de finalidade, encadrada na liña 1 do Plan + Provincia 2024, por importe de 123.046,72 €, con destino ao financiamento da actuación "*MELLORA DO CAMIÑO DO GALGUEIRO*", cun orzamento que importa 123.046,72 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	123.046,72€	123.046,72€	0,00€	0,00€

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, da Consellería de Medio Rural e a autorización do Instituto de Estudos do Territorio.

As devanditas autorizacións, a acta de trazado previo e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 22/05/2026 e do Xefe do Servizo de Cooperación de data 03/06/2026 que informan favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, así como o informe favorable da Intervención Provincial de data 04/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de OIA (CIF.:P3603600B), por cambio de finalidade, a cantidade de 123.046,72 €, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DO CAMIÑO DO GALGUEIRO” (exp: 2026040437) cun orzamento que ascende a 123.046,72 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	123.046,72	123.046,72	-	-

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45.24 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, da Consellería de Medio Rural e a autorización do Instituto de Estudos do Territorio, xunto coa acta de trazado previo (Anexo III) e a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado debe estar executado o 30 de setembro de 2026 e xustificadas o 31 de outubro de 2026, en base a prórroga do Plan + Provincia 2024 publicada no BOPPO núm. 232 de 03 de decembro de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de OIA, á Intervención e ao Gabinete da Presidencia.

13.37259.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1- INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2025 PARA O INVESTIMENTO "HUMANIZACIÓN E MELLORA INTEGRAL DOS SERVIZOS EN SAN XULIÁN DE REQUEIXO". (Expte. 2026020018)

Antecedentes

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial, mediante acordo núm. 5.8616, outorgou ao Concello de Pontecesures unha subvención por importe de 467.270,78 euros ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento "HUMANIZACIÓN E MELLORA INTEGRAL DO SERVIZO EN SAN XULIÁN DE REQUEIXO" (expdte 2025072969), cun orzamento total que ascende á contía de 549.730,33 euros (desagregados do modo seguinte: 514.555,43 euros de execución material; 8.554,90 euros en concepto de expropiacións e 26.620,00 euros de asistencias técnicas), a achega municipal fíxase en 82.459,55 euros.



Non obstante, a eficacia desta concesión quedou condicionada, entre outras, á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 2/2026; modificación definitiva, que unha vez transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións, se fixo pública no BOPPO núm. 81 do 30/04/2026.

- Con data 17/03/2026, con núm. de rexistro WEB2026020808, en prazo e forma, o Concello de Pontecesures solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 82.459,55 euros. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento HUMANIZACIÓN E MELLORA INTEGRAL DOS SERVIZOS EN SAN XULIÁN DE REQUEIXO" (expdte 2026020018).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no servizo de Cooperación:
 - o 2025072969 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025076238 de 03/11/2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou



financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 04/05/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Pontecesures, CIF: P3604400F, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 82.459,55 euros, co obxecto de financiar a achega municipal para o investimento "HUMANIZACIÓN E MELLORA INTEGRAL DOS SERVIZOS EN SAN XULIÁN DE REQUEIXO (Achega ao Plan Extra 2025)" (expdte 2026020018). O orzamento total da actuación cífrase en 549.730,33 euros; o financiamento complétase cunha subvención por importe de 467.270,78 euros xa concedida ao concello no marco do Plan Extra 2025, mediante acordo do Pleno núm. 5.8616 do 27/03/2026.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o concello achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Patrimonio), a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado debidamente cumprimentada.



- A licitación, execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do Plan que se cofinancia, é dicir, o Plan Extra 2025, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Pontecesures, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.37260.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1- INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2025 PARA O INVESTIMENTO "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE O CPI CURROS ENRÍQUEZ E O AUDITORIO MUNICIPAL" (Expte 2026021977)

Antecedentes

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial, mediante acordo núm. 5.8616, outorgou ao Concello de Pazos de Borbén unha subvención por importe de 488.343,81 euros ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE O CPI CURROS ENRIQUEZ E O AUDITORIO MUNICIPAL"(expdte 2025072598), cun orzamento total que ascende á contía de 574.522,14 euros (desagregados do modo seguinte: 537.012,14 euros de execución material; 14.520,00 de asistencia técnica á redacción do proxecto, 16.940,00 euros de asistencia técnica á dirección obra e 6.050,00 euros de coordinación de seguridade e saúde), a achega municipal cífrase en 86.178,33 euros.

Non obstante, a eficacia desta concesión quedou condicionada, entre outras, á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 2/2026; modificación definitiva, que unha vez transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións, se fixo pública no BOPPO núm. 81 do 30/04/2026.



- Con data 24/03/2026, con núm. de rexistro WEB2026022637, en prazo e forma, o Concello de Pazos de Borbén solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 86.178,33 euros. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE O CPI CURROS ENRIQUEZ E O AUDITORIO MUNICIPAL" (expdte 2026021977).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no servizo de Cooperación:
 - o 2025072598 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025076194 de 03/11/2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)..
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos



expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 04/05/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Pazos de Borbén, CIF: P3603700J, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 86.178,33 euros, co obxecto de financiar a achega municipal para o investimento "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE O CPI CURROS ENRÍQUEZ E O AUDITORIO MUNICIPAL (Achega ao Plan Extra 2025)" (expdte 2026021977). O orzamento total da actuación cífrase en 574.522,14 euros; o financiamento complétase cunha subvención por importe de 488.343,81 euros xa concedida ao concello no marco do Plan Extra 2025, mediante acordo do Pleno núm. 5.8616 do 27/03/2026.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o concello achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do Plan que se cofinancia, é dicir, o Plan Extra 2025, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Pazos de Borbén, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.37261.- PRESTAR A CONFORMIDADE DO PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO ACÚSTICO DEL PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE XIL – MEAÑO" DO CONCELLO DE MEAÑO, INCLUÍDO NO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte. 2026000244)

Antecedentes

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- Mediante Acordo da Xunta de Goberno núm. 22.36183, de data 06/03/2026, concedeuse unha subvención de 107.787,37 € ao Concello de Meaño con destino á execución da actuación denominada "Proyecto de acondicionamiento acústico del pabellón polideportivo de Xil – Meaño", ao abeiro do III PEID, cun orzamento de importe polo mesmo importe.
- En data 29/04/2026 o Concello de Meaño presenta na sede electrónica da Deputación (núm. Rexistro WEB2026037064), un proxecto técnico reformulado, o cal non supón alteración do orzamento orixinal, non altera a obra na súa formalización, non supón unha baixa na calidade do proxectado e cumpre á finalidade orixinaria da axuda, a reformulación do proxecto vén dada pola necesidade de corrixir e readaptar algún dos conceptos subvencionados, de acordo á base vixésimo primeira das bases reguladoras, segundo se pode entender da aprobación da resolución presentado polo concello.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión favorable do proxecto reformulado, en data 30/04/2026.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 21ª do II PEID.
- O 30/04/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificado do proxecto e na data 01/06/2026 a Intervención provincial informa favorablemente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 21ª do II PEID, relativa á modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Meaño non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



O orzamento do novo proxecto mantense respecto do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no III PEID e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- PRESTAR A CONFORMIDADE ao proxecto técnico reformulado da actuación denominada “Proyecto de acondicionamiento acústico del pabellón polideportivo de Xil – Meaño” presentado polo Concello de Meaño ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 107.787,37 € .
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Meaño, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

16.37262.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (liña 3). (Expte.2026004721)

Antecedentes

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 27 de febreiro de 2026, punto núm. 15.36141, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



3) No caso do Concello de O Porriño, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO PORRIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
15	1 oficial de 1ª carpintería, 3 oficiais de 1ª albanel, 2 oficiais de 1ª palista, 1 peón de obras públicas, 7 peóns forestais e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 9 meses	274.522,19 €	267.989,12 €	54.708,40 €	219.813,79 €

4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026045689, do 27/05/2026, solicita reformular a solicitude inicial en relación á duración dos postos e ao cambio dun posto de oficial de 1ª albanel por 3 postos de peóns forestais, por un período de 6 meses.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia do axuste da duración dos postos e do cambio dun posto de oficial de 1ª albanel por 3 postos de peóns forestais, por un



período de 6 meses, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e da achega municipal conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO PORRIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
17	1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 8 meses e 8 días; 1 oficial de 1ª carpintería, 2 oficiais de 1ª albanel, 2 oficiais de 1ª palista, 1 peón de obras públicas e 7 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 7 días e 3 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses.	273.404,52 €	266.888,08 €	53.590,73 €	219.813,79 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 9E214F1EIG291430) e da dilixencia de Intervención (CSV: FG8912X1DUJAIXCA) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. MODIFICAR o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 27 de febreiro de 2026, punto núm. 15.36141, no referente á subvención concedida ó Concello de O Porriño, CIF núm. P3603900F, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
O Porriño (P3603900F)	17	1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 8 meses e 8 días; 1 oficial de 1ª carpintería, 2 oficiais de 1ª albanel, 2 oficiais de 1ª palista, 1 peón de obras públicas e 7 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 7 días e 3 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses	219.813,79 €



2. DARLLE TRASLADO do presente acordo ó concello, á Intervención Provincial e ó servizo de Cooperación.

17.37263.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (liña 3). (Expte. 2026011943)

Antecedentes

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 27 de marzo de 2026, punto núm. 10.36301, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Tomiño, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE TOMIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (nº de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	4 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción, 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras, 1 técnico/a administrativo/a e 1 traballador/a social a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns de obras públicas e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/profesional da protección ambiental a xornada completa durante 8 meses e 8 peóns de xardinería a xornada completa durante 7 meses	311.198,47 €	303.837,23 €	35.221,81 €	275.976,66 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026047811, do 03/06/2026, solicita reformular a solicitude inicial en relación á duración dos postos.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia do axuste da duración dos postos, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e da achega municipal conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE TOMIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	4 peóns de xardinería a xornada completa durante 8 meses e 3 días; 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/profesional da protección ambiental a xornada completa durante 8 meses; 1 técnico/a administrativo/a, 1 traballador/a social e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 7 meses e 21 días; 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses e 19 días e 8 peóns de xardinería a xornada completa durante 7 meses	292.055,90 €	285.149,49 €	16.079,24 €	275.976,66 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: A55VRZRAJH65KWUN) e da dilixencia de Intervención (CSV: XAFSP74QC3QFS9KN) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. MODIFICAR o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 27 de marzo de 2026, punto núm. 10.36301, no referente á subvención concedida ó Concello de Tomiño, CIF núm. P3605400E, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tomiño (P3605400E)	19	4 peóns de xardinería a xornada completa durante 8 meses e 3 días; 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/profesional da protección ambiental a xornada completa durante 8 meses; 1 técnico/a administrativo/a, 1 traballador/a social e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 7 meses e 21 días; 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses e 19 días e 8 peóns de xardinería a xornada completa durante 7 meses	275.976,66 €

2. DARLLE TRASLADO do presente acordo ó concello, á Intervención Provincial e ó servizo de Cooperación.



18.37264.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO DÍA 22-05-2026 (ACORDO Nº3.37134) E MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, PARA O FINANCIAMENTO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA NAVE PARA ALMACENAXE PROVISIONAL DE MOBILIARIO PROCEDENTE DO TEATRO CINE-FRAGA DE VIGO E GASTOS ASOCIADOS Ó MESMO. (Expte.2026024823)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do día 22 de maio de 2026, acordou autorizar un gasto por importe total de 206.879,96 € para facer fronte as obrigas derivadas do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro Cine-Fraga de Vigo, e aprobar o texto do citado convenio.

Resultando que, a Xunta de Galicia, a través de escrito de data 04/06/2026 nº de rexistro 2026012131 solicita realizar unhas modificacións e precisións no texto do convenio co fin de completar e clarificar algúns extremos do instrumento convencional que se consideran necesarios para unha adecuada definición dos compromisos, obrigas e actuacións asumidas polas partes asinantes, modificacións que se detallan no citado documento (CSV: PE4CCYYL37IXDVM7).

Resultando que polo servizo de Contratación Facenda e Patrimonio emítese informe de data 04/06/2026 que conclúe o seguinte:

“(...) As modificacións propostas pola Xunta de Galicia no texto do convenio poden considerarse non substanciais, sendo de carácter técnico e aclaratorio, dirixidas a garantir a adecuada correlación entre os gastos devindicados en cada exercicio orzamentario e os ingresos procedentes da Deputación, así como a mellorar o procedemento de certificación e xustificación económica previsto no convenio.

Ditas modificacións non supoñen unha alteración do obxecto, finalidade, duración, distribución competencial nin contía das obrigas económicas asumidas polas partes no convenio. Tendo en conta que o convenio está en fase de tramitación, non habendo sido formalizado o texto pode ser axustado ou corrixido para introducir ditos cambios non substanciais.

Para elo compre rectificar o acordo da Xunta de Goberno nº 3.37134 adoptado en sesión do 22/05/2026 de aprobación do convenio cunha nova versión do convenio que incorpore as precisións e adaptacións identificadas durante a revisión do expediente, evitando posibles dificultades interpretativas ou incidencias na súa aplicación futura”.



Resultando que no citado informe se indica, ademais do anterior, o seguinte: *“ con posterioridade á adopción do citado acordo advertiuse un erro no importe de gasto autorizado pola Deputación no convenio por importe de 206.879,96 €, ao incluír na anualidade 2030 os importes correspondentes á totalidade do exercicio, cando unicamente deben recollese os gastos ata mediados do mes de xuño de 2030, conforme coa duración do convenio, establecida en catro anos contados desde a súa formalización.*

Tendo en conta dita duración do convenio, o período do contrato de aluguer comprendido entre xuño e decembro 2030 supera o ámbito temporal do convenio e por tanto a autorización dos gastos do contrato de aluguer da nave estimados para dito período procedería no caso de aprobación dunha prórroga do mesmo, tal e como se indica na cláusula sexta do convenio (...) Conclusión: Respecto, ó erro detectado no gasto autorizado pola Deputación para facer fronte ás obrigas derivadas do convenio, propónse do mesmo xeito rectificar o citado acordo da Xunta de Goberno a autorizar o importe correxido por importe de 185.978,52 € e o cadro de financiamento nos termos indicados no presente informe”.

Resultando que pola Intervención emítase dilixencia de “fiscalizado e conforme” de data 05/06/2026 respecto da proposta de aprobación da modificación do convenio e corrección de erro segundo reflicte o informe proposta do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Tendo en conta que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que, de conformidade co artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; e o establecido na base 16ª.2a) de execución do orzamento provincial para 2026 que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Rectificar o acordo nº 3.37134 da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adoptado na sesión do día 22/05/2026 relativo á aprobación do convenio colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para o financiamento conxunto do contrato de



arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro Cine-Fraga de Vigo no seguinte senso:

Primeiro.- ONDE DÍ:

(...) Resultando que o financiamento da Deputación no convenio e a súa distribución por anualidades é a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE DEPUTACION (49%)	ANUALIDADES					
		2025	2026	2027	2028	2029	2030
Aluguer	197.079,96 €	1.482,25 €	37.886,31 €	39.842,88 €	39.842,88 €	39.842,88 €	38.182,76 €
Electricidade	4.900,00 €	40,83 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	939,17 €
Auga	1.225,00 €	10,21 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	234,79 €
Outros gastos	3.675,00 €	30,63 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	704,38 €
TOTAL DEPUTACION	206.879,96 €	1.563,92 €	39.846,31 €	41.802,88 €	41.802,88 €	41.802,88 €	40.061,09 €

DEBE DICIR:

(...) Resultando que o financiamento da Deputación no convenio e a súa distribución por anualidades é a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE DEPUTACION (49%)	ANUALIDADES					
		2025	2026	2027	2028	2029	2030
Aluguer	177.158,52 €	1.482,25 €	37.886,31 €	39.842,88 €	39.842,88 €	39.842,88 €	18.261,32 €
Electricidade	4.410,00 €	40,83 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	449,17 €
Auga	1.102,50 €	10,21 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	112,29 €
Outros gastos	3.307,50 €	30,63 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	336,88 €
TOTAL DEPUTACION	185.978,52 €	1.563,92 €	39.846,31 €	41.802,88 €	41.802,88 €	41.802,88 €	19.159,65 €



Segundo.- ONDE DÍ

1. *Autorizar o gasto por importe total de 206.879,96 € para facer fronte as obrigas derivadas do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro Cine-Fraga de Vigo conforme ó seguinte cadro de financiamento:*

CONCEPTO	IMPORTE DEPUTACION (49%)	ANUALIDADES				
		2026 ⁽¹⁾	2027	2028	2029	2030
Aluguer	197.079,96 €	39.368,56 €	39.842,88 €	39.842,88 €	39.842,88 €	38.182,76 €
electricidade	4.900,00 €	1.020,83 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	939,17 €
Auga	1.225,00 €	255,21 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	234,79 €
Outros gastos	3.675,00 €	765,63 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	704,38 €
TOTAL DEPUTACION	206.879,96 €	41.410,23 €	41.802,88 €	41.802,88 €	41.802,88 €	40.061,09 €

(1) Os gastos correspondentes ó aluguer e subministros do mes de decembro 2025 incorpóranse na anualidade 2026

Os gastos imputaranse ás seguintes aplicacións orzamentarias:

CONCEPTO	IMPORTE DEPUTACION (49%)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
Aluguer	197.079,96 €	922.3340.202.00
Electricidade	4.900,00 €	922.3340.221.00
Auga	1.225,00 €	922.3340.221.01
Outros gastos	3.675,00 €	922.3340.226.99
TOTAL DEPUTACION (49%)	206.879,96 €	



DEBE DICIR:

1. Autorizar o gasto por importe total de 185.978,52 € para facer fronte as obrigas derivadas do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro Cine-Fraga de Vigo conforme ó seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO	IMPORTE DEPUTACION (49%)	ANUALIDADES				
		2026 ⁽¹⁾	2027	2028	2029	2030
Aluguer	177.158,52 €	39.368,56 €	39.842,88 €	39.842,88 €	39.842,88 €	18.261,32 €
electricidade	4.410,00 €	1.020,83 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	449,17 €
Auga	1.102,50 €	255,21 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	112,29 €
Outros gastos	3.307,50 €	765,63 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	336,88 €
TOTAL DEPUTACION	185.978,52 €	41.410,23 €	41.802,88 €	41.802,88 €	41.802,88 €	19.159,65 €

(1) Os gastos correspondentes ó aluguer e subministros do mes de decembro 2025 incorpóranse na anualidade 2026.

Os gastos imputaranse ás seguintes aplicacións orzamentarias:

CONCEPTO	IMPORTE DEPUTACION (49%)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
<i>Aluguer</i>	<i>177.158,52 €</i>	<i>922.3340.202.00</i>
<i>Electricidade</i>	<i>4.410,00 €</i>	<i>922.3340.221.00</i>
<i>Auga</i>	<i>1.102,50 €</i>	<i>922.3340.221.01</i>
<i>Outros gastos</i>	<i>3.307,50 €</i>	<i>922.3340.226.99</i>
TOTAL DEPUTACION (49%)	185.978,52€	

Segundo: Modificar o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro Cine-Fraga de Vigo, introducindo as



modificacións e precisión no seu contido solicitadas pola Xunta de Galicia, e aprobar a nova versión do mesmo que queda redactado da seguinte forma:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA O FINANCIAMENTO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA NAVE PARA ALMACENAXE PROVISIONAL DE MOBILIARIO PROCEDENTE DO TEATRO CINE-FRAGA E GASTOS ASOCIADOS.

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e no seu nome e representación D. José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra parte a Deputación Provincial de Pontevedra, e no seu nome e representación D. Luís López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do nomeamento efectuado en sesión plenaria constitutiva de data 6 de xullo de 2023, e polas competencias que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos concordantes da Lei 8/1997, do 22 de xullo, das Administracións Locais de Galicia.

Actúa dona María Beatriz del Cerro del Río, en calidade de Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Segundo o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude configúrase como o departamento superior da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de promoción e difusión da cultura e a protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, e na demais normativa que sexa de aplicación.

Por outra banda a Deputación Provincial de Pontevedra, ten competencia en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social segundo o previsto no art. 36.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local. No marco destas respectivas competencias e para o cumprimento dos seus fins, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, adquiriron en réxime de copropiedade nas porcentaxes do 51% e do 49%



respectivamente, o emblemático Teatro Cine Fraga, ubicado na mazá situada entre as rúas Isabel II, Uruguay, República Argentina e Avenida de García Barbón de Vigo (Pontevedra), mediante compra á entidade “ABANCA, Corporación Bancaria, S.A.”.

Dita operación de compra do inmovible foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia en sesión do 23 de setembro de 2024, e polo Pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do 27 de setembro de 2024.

En data 17 de xullo de 2025 outorgouse a escritura de compravenda do inmovible ante o Notario D. Manuel Arturo Vidal Rodríguez na cidade de Vigo, co número 1266 do seu protocolo notarial efectuándose no mesmo acto o pago do prezo da venda á parte vendedora, ABANCA, Corporación Bancaria, S.A.”, por parte da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, nas súas correspondentes porcentaxes de copropiedade.

Con esta adquisición preténdese dotar á cidade de Vigo dun espazo cultural pioneiro, de carácter público, no que poder desenvolver unha actividade cultural diversa e plural.

A operación de compra incluíu, tanto o inmovible, como o mobiliario que formaba parte do mesmo. Este mobiliario, polo seu valor histórico e patrimonial e tendo en conta a vinculación identitaria co edificio, debe formar parte das instalacións.

O edificio adquirido parece manterse nun estado de conservación razoable. Con todo, é preciso levar a cabo unhas obras para asegurar a súa integridade física, a funcionalidade e a adaptación á normativa actual. Está previsto que neste proceso de rehabilitación se integren os distintos elementos de mobiliario que estaban no Teatro Fraga.

Con motivo da próxima adxudicación das obras de rehabilitación do citado inmovible, é necesario o traslado dos elementos do mobiliario dende a nave na que se atopan na cidade de A Coruña a unha zona próxima ao edificio, a fin de facilitar posibles accións de restauración, así como de movemento das pezas, acordes ao ritmo e ás esixencias de execución da obra, de modo que aquelas se poidan integrar no inmovible no momento en que sexa preciso.

Neste senso, tanto a localización do inmovible, en pleno centro urbano na localidade de Vigo, como o volume de mobiliario obxecto de traslado, foron determinantes para concluír a necesidade de contar cunha nave industrial adecuada e suficiente na zona de O Porriño ou arredores. Na medida en que nin a Xunta de Galicia nin a Deputación de Pontevedra contan con inmobles destas características na citada zona xeográfica, foi preciso levar a cabo a adquisición temporal, en réxime de alugueiro, dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro-Cine Fraga.



Por todo isto, para acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, dados os intereses comúns e coincidentes das partes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes asinantes para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario e enseres procedentes do Teatro Cine Fraga formalizado na data do 16 de decembro de 2025 entre a Xunta de Galicia e a entidade Solytor, S.L., co fin de establecer as achegas e compromisos correspondentes a cada unha delas.

Segunda. Duración.

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos dende a súa sinatura, sen prexuízo da realización dunha ou sucesivas prórrogas por un período adicional total de ata catro anos, que deberán aprobarse previamente polos órganos competentes de ambas Administracións.

Terceira. Localización e características do alugueiro

A nave alugada para almacenaxe provisional de mobiliario e enseres procedente do Teatro Cine Fraga está situada no lugar da Casilla, Atios 21, O Porriño (Pontevedra).

Trátase dunha nave industrial composta de planta baixa e planta alta, cunha superficie constituída total de 3.472,91 m², dos cales corresponden á planta baixa 1.029,95 e á planta primeira 2.432,96, distribuída en diversas estancias apropiadas ao seu uso.

O local alugado pola Xunta de Galicia está ubicado na planta alta citada de 2.432,96 m², dos cales se alugan 1.536,08 m² e inclúe tamén o terreo exterior "terreo de acceso delimitado por un peche exterior con acceso principal polo lado sur e que chega ata a liña que une a prolongación da cara norte do galpón traseiro ata o peche exterior.

A nave consta inscrita no Rexistro da Propiedade de Tui, ao tomo 1111, libro 218, folio 81, como finca rexistral 35.481, Referencia catastral: 36039A02900320003HA.

O contrato de alugueiro terá unha duración de 5 anos a contar dende a data da sinatura do mesmo, é dicir, desde o 16 de decembro de 2025. O importe do alugueiro é de 5.000,00 € máis o IVE durante as 6 primeiras mensualidades; a partir da sétima mensualidade a renda pasará a ser de 5.600,00€ máis IVE. O alugueiro aboarase por meses vencidos nos sete primeiro días do mes.

Os importes dos consumos de auga, recollida de lixo e subministración de enerxía eléctrica e calquera outro servizo con que conte o inmovible alugado que se individualice mediante aparatos contadores serán de conta da arrendataria.



A renda só poderá ser actualizada polo arrendador na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, aplicando á renda correspondente á anualidade anterior, a variación anual do índice de prezos do alugueiro de oficinas, a nivel autonómico, publicado polo INE, nun período de 12 meses inmediatamente anterior á data de cada actualización, tomando como mes ou, no seu defecto, trimestre de referencia para a primeira actualización o que corresponda ao último índice que estivera publicado na data de celebración do contrato, e nas sucesivas o que corresponda ao último aplicado.

En defecto de publicación do índice recollido no parágrafo anterior, aplicarase o índice de prezos de alugueiro da vivenda do Índice de Prezos de Consumo, do INE, a nivel provincial vixente á data de cada revisión, tomando como mes de referencia o que corresponda ao último índice que estivera publicado na data de revisión do contrato.

A renda actualizada será esixible a partir do mes seguinte a aquel na que a parte interesada o notifique á outra parte por escrito, tomando como referencia a efectos de cómputo o día da sinatura do contrato, expresando a porcentaxe de alteración aplicada e xuntando, se o arrendatario o esixise, a oportuna certificación do INE.

Cuarta. Importe total do alugueiro, distribución por anualidades e porcentaxes de cofinanciamento.

Detállase na táboa seguinte o importe do alugueiro para duración máxima do contrato (5 anos), a distribución por anualidades e os importes de cofinanciamento do contrato que corresponderían á Xunta de Galicia e Deputación en base ás súas porcentaxes de cotitularidade no Teatro Fraga de Vigo (51% e 49% respectivamente):

Ano	Nº meses	IMPORTE ALUGUER				FINANCIAMENTO	
		Prezo/mes	Importe anual	IVE	TOTAL	XUNTA (51%)	DEPUTACIÓN (49%)
2025	0,50	5.000,00 €	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €	1.542,75 €	1.482,25 €
2026	5,50	5.000,00 €	63.900,00 €	13.419,00 €	77.319,00 €	39.432,69 €	37.886,31 €
	6,50	5.600,00 €					
2027	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2028	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2029	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2030	11,50	5.600,00 €	64.400,00 €	13.524,00 €	77.924,00 €	39.741,24 €	38.182,76 €
TOTALS.....			332.400,00 €	69.804,00 €	402.204,00 €	205.124,04 €	197.079,96 €



Quinta. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Para o cumprimento dos fins deste convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a:

- a) *Tramitar a principios de cada anualidade un documento contable Rct para a súa remisión á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, de xeito que esta Dirección xeral poida tramitar unha ampliación de crédito que lle permita asumir o pagamento das facturas do alugueiro durante a duración do contrato de arrendamento. O importe anual do RC(t) será o recollido na seguinte táboa, sen prexuízo dos incrementos que poidan xurdir pola actualización das rendas, segundo o establecido na cláusula terceira deste acordo:*

<i>Anualidade</i>	<i>Nº meses</i>	<i>Prezo/mes</i>	<i>Importe</i>	<i>IVE</i>	<i>Total</i>
2025	0,50	5.000,00 €	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
2026	5,50	5.000,00 €	63.900,00 €	13.419,00 €	77.319,00 €
	6,50	5.600,00 €			
2027	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €
2028	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €
2029	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €
2030	11,50	5.600,00 €	64.400,00 €	13.524,00 €	77.924,00 €
TOTAIS...			332.400,00 €	69.804,00 €	402.204,00 €

O financiamento do documento contable RC(t) será con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.632.3 do orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

- b) *Facer fronte ao pago dos gastos de consumos de auga, recollida de lixo e subministración de enerxía eléctrica e calquera outro servizo con que conte o inmovible alugado que se individualice mediante aparatos contadores. A Consellería cuantificará cada ano a totalidade da estimación dos gastos asumidos polos ditos conceptos e o notificará á Deputación de Pontevedra segundo o establecido na cláusula sétima.2.*

<i>Gasto</i>	<i>Importe estimado máximo anual</i>
<i>Subministro enerxía eléctrica</i>	<i>2.000,00 €</i>
<i>Subministro auga</i>	<i>500,00 €</i>
<i>Outros. Lixo, etc.</i>	<i>1.500,00 €</i>

Estes gastos financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.632.3 do orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

- c) *Xustificar as achegas a realizar pola Deputación Provincial.*



Sexta. Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Deputación Provincial de Pontevedra asume as seguintes obrigas:

- a) *Transferir á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o importe correspondente á súa porcentaxe na titularidade do Teatro Fraga de Vigo (49%), para facer fronte aos gastos derivados do alugueiro da nave, con cargo á aplicación 922.3340.202.00 dos seus orzamentos, segundo o recollido na seguinte táboa, sen prexuízo dos incrementos que poidan xurdir pola actualización das rendas, segundo o establecido na cláusula terceira. Ditos incrementos serán asumidos automaticamente sen necesidade de tramitación dunha addenda ó presente convenio para a modificación dos importes:*

Anualidade Convenio	Período	Nº meses	Prezo/mes	Importe	IVE	Total	Dep. Pontevedra (49%)
2026 ⁽¹⁾	de 16/12/25 a 15/06/26	6,00	5.000,00 €	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €	17.787,00 €
2026	de 16/06/26 a 31/12/26	6,50	5.600,00 €	36.400,00 €	7.644,00 €	44.044,00 €	21.581,56 €
2027	de 01/01/27 a 31/12/27	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	39.842,88 €
2028	de 01/01/28 a 31/12/28	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	39.842,88 €
2029	de 01/01/29 a 31/12/29	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	39.842,88 €
2030	de 01/01/30 a 15/06/30	5,50	5.600,00 €	30.800,00 €	6.468,00 €	37.268,00 €	18.261,32 €
2030 ⁽²⁾	de 16/06/30 a 15/12/30	6,00	5.600,00 €	33.600,00 €	7.056,00 €	40.656,00 €	19.921,44 €
TOTAIS.....				332.400,00 €	69.804,00 €	402.204,00 €	197.079,96 €

⁽¹⁾ *Gasto aplicado con carácter retroactivo realizado con anterioridade, desde a data de formalización do contrato de arrendamento (15/12/2025) ata a data de sinatura do convenio.*

⁽²⁾ *Este gasto estímase para o período temporal que supera a vixencia do convenio (4 anos desde a súa sinatura). Dito gasto quedará condicionado á aprobación da primeira prórroga do convenio.*

A contía correspondente a cada unha das anualidades será ingresada pola Deputación de Pontevedra no prazo de 30 días dende a data de achega da documentación correspondente, quedando garantida a correlación entre os gastos devindicados en cada exercicio orzamentario e os ingresos procedentes da Deputación.

- b) *Transferir á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o importe correspondente á súa porcentaxe na titularidade do inmovible, para facer fronte aos gastos derivados de*



subministrados de auga, recollida de lixo e subministración de enerxía eléctrica e calquera outro servizo indicado no cadro da cláusula terceira letra b) deste convenio con que conte o inmovible alugado que se individualice mediante aparatos contadores, con cargo ás seguintes aplicacións do seu orzamento de gastos:

<i>Gasto</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>
<i>Subministro enerxía eléctrica</i>	<i>922.3340.221.00</i>
<i>Subministro auga</i>	<i>922.3340.221.01</i>
<i>Outros subministrados</i>	<i>922.3340.221.99</i>
<i>Gastos diversos</i>	<i>922.3340.226.99</i>

No prazo de 30 días, dende a data de achega da documentación xustificativa correspondente pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Deputación realizará o ingreso.

Os ingresos correspondentes ao alugueiro así como aos gastos derivados de consumos faranse na conta xeral da Xunta de Galicia c/c ES82 2080 0300 8731 1006 3172, indicando o concepto e referencia ao convenio.

Sétima. Réxime de xustificación e pagamentos.

1. Alugueiro da nave.

a) A Deputación Provincial de Pontevedra aboará á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a súa porcentaxe de participación no custo anual estimado do alugueiro mediante pagamento anticipado ao inicio de cada anualidade, previa remisión por parte da Consellería do seguinte documento:

- Informe ou certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia no que se detalle o importe anual estimado do alugueiro correspondente ao exercicio, tendo en conta, se é o caso, as actualizacións de renda previstas no contrato.*
- Para o pagamento das anualidades 2027 e seguintes, xunto co informe ou certificado anterior, deberá remitirse ademais o seguinte documento:*
 - Certificado acreditativo do importe total das obrigas recoñecidas e pagadas en concepto de alugueiro correspondente ao exercicio anterior, con desglose por meses.*

Se do certificado correspondente ao exercicio anterior resultase unha diferenza, por exceso ou por defecto, respecto do importe anticipado pola Deputación, procederase á regularización que corresponda, ben mediante minoración do pagamento da anualidade seguinte, ben mediante aboamento complementario.



b) A Deputación efectuará o pagamento no prazo máximo dun mes desde a recepción da documentación xustificativa indicada.

2. Gastos de consumos (electricidade, auga, lixo e outros servizos individualizados):

a) Antes do 31 de xullo de cada ano, a Consellería remitirá á Deputación informe ou certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia no que se detalle o importe do custo anual estimado do exercicio en curso polos conceptos de subministración de electricidade, auga, recollida de lixo e demais servizos individualizados, quedando garantida a correlación entre os gastos devindicados en cada exercicio orzamentario e os ingresos procedentes da Deputación.

Para a realización dos pagamentos a Consellería remitirá, xunto co informe ou certificado de custo anual estimado indicado anteriormente, un certificado acreditativo do importe total das obrigas recoñecidas e pagadas por ditos conceptos correspondentes á anualidade inmediatamente anterior.

Na certificación do ano seguinte regularizase por exceso ou defecto o importe estimado do exercicio anterior.

Na derradeira anualidade (2030), o certificado de obrigas recoñecidas e pagadas no exercicio anterior (2029), e o certificado de custo anual estimado de dita anualidade serán remitidos á Deputación nos primeiros tres meses do ano, antes do 31 de marzo de 2030.

O certificado final de obrigas recoñecidas e pagadas correspondente á 2030 (do 1 de xaneiro 2030 ao 15 de xuño 2030) deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2030.

b) A Deputación procederá ao ingreso da súa porcentaxe no prazo máximo dun mes desde a recepción da documentación xustificativa.

3. Facultades de comprobación.

En ambos os casos, as facturas e xustificantes de pagamento permanecerán á disposición da Deputación Provincial de Pontevedra, podendo requirirse a súa remisión para efectos de comprobación pola Intervención provincial ou polos órganos de control competentes.



Oitava. Comisión de seguimento.

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de realizar o seguimento das actuacións previstas neste convenio. Esta comisión reunirse cando así o estime oportuno calquera das partes e estará constituída por:

- Presidencia: Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude ou a persoa en quen delegue.*
- Vogais: unha persoa representante da Deputación Provincial de Pontevedra e unha persoa representante da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.*

Novena. Publicidade e rexistro do convenio.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Deputación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima. Causas de resolución e efectos.

Son causas de resolución do presente convenio as sinaladas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, ademais, poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes con seis meses de antelación, e en todo caso cos efectos establecidos no artigo 52 da antedita lei, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.*
- b) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.*
- c) Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.*
- d) Mutuo acordo das partes.*

De acordo co establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o cumprimento e resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigas e compromisos das partes.

Décimo primeira. Modificación do convenio.

Toda alteración a realizar referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá ser formalizada na correspondente addenda que precisará acordo de todas as partes asinantes, agás o establecido na cláusula oitava.



O incremento de importe derivado dos incrementos que poidan xurdir con motivo da actualización das rendas, segundo o establecido na cláusula segunda deste acordo, non requirirá addenda a este convenio; ditos incrementos corresponderán a ambas partes en proporción á súa porcentaxe na propiedade, e resolverase mediante acordo da comisión de seguimento.

Décimo segunda. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais. As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo terceira. Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo cuarta. Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles



electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta. Natureza xurídica e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

De acordo co artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente este convenio.

19.37265.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 1203 O CAMPO-PARDAVILA. CONCELLO DE MARÍN". (Expte.2025081794)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1203 O Campo - Pardavila, que transcorre polo Concello de Marín e conta cunha lonxitude de 1.048 m.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila", coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

Resultando.- Que con data 26/08/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín convenio de colaboración para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín".

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	832.051,77 euros	70
Concello de Marín	356.593,62 euros	30
TOTAL OBRAS	1.188.645,39 euros	100



Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto, a licitación a execución e a recepción das obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse o proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín" cun orzamento base de licitación de 1.188.645,39 euros. A este proxecto asignóuselle o CSV: 9TV7WXT8SU4LW4C3.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión de data 25/04/2025 aprobou definitivamente o proxecto de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín".

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación, providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade solicitando o inicio do expediente de contratación para adxudicar o contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín".

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC correspondentes acreditando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 6 de marzo de 2026, acordou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín" cun orzamento base de licitación de 1.188.645,39 euros IVE engadido. O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12/03/2026. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión do día 09/04/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado, convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín".



As empresas admitidas foron as seguintes:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.

Resultando.- Que a mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 01/06/2026 emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	10	1	11

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 04/06/2026 en base ó informe do Director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 01/06/2026 acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín".

Resultando.- Que a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., non acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, polo que de conformidade co establecido nos pregos que rexen esta contratación, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación excluír a oferta presentada pola citada empresa.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación observou, que unha vez excluída a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., non existe ningunha outra oferta presentada, polo que acordou propor ó Órgano de Contratación declarar deserto este procedemento.

Considerando.- Que conforme ao previsto no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, recolle o seguinte "... non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego..."



Considerando.- Que, a sensu contrario, cabería concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, a licitación poderá declararse deserta.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 63.3 e) parágrafo segundo da LCSP, será obxecto de publicación no perfil do contratante a declaración de deserto.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., ó non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas de conformidade co establecido nos pregos que rexen este procedemento.
2. Declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín*".

20.37266.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL, S.L., DE VISITAS GUIADAS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO. (Expte. 2024002218)

Resultando.- Que na sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou a contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro á empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF B94054954), polos prezos unitarios ofertados por visita (máx. 132 visitas) conforme ao seguinte detalle reflexado no citado acordo:

Prezo unitario sen IVE:	190,00 €/visita
IVE (21 %):	39,90 €/visita
Prezo unitario co IVE:	229,90 €/visita

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 12 de xullo de 2024 e o prazo de duración é dun ano a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade cada unha delas.



Resultando.- Que por acordo 13.34086 da Xunta de Goberno, de data 26 de xullo do 2024, aprobábase o reaxuste de financiación tendo en conta a data de formalización do contrato, co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024 (5 meses e 19 días)	413.4123.226.19	14.300,41 €
2025 (6 meses e 12 días)	413.4123.226.19	16.046,39 €

Resultando.- Que mediante acordo 10.35387 da Xunta de Goberno, de data 27 de xuño do 2025, aprobouse a primeira prórroga do contrato.

Resultando.- Que con data 06 de maio de 2026, a xefatura do servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro, como responsable do contrato, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 12 de xullo de 2026 ata o 11 de xullo de 2027.

Resultando.- Que as bases que rexen o programa de visitas guiadas para a Estación Fitopatolóxica Areeiro foron aprobadas por Resolución Presidencial núm. RP2026004417 de data 29/05/2026.

Resultando.- Que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 07 de maio de 2026 (data de comparecencia: 07/05/2026), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando.- Que con data 12 de maio do 2026, a Intervención emitiu informe, con CSV: 8M2NYPWS0ZOS3L61, sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 02 de xuño do 2026 (CSV: MICIELSUF46ZIEU9), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro por un ano, desde o 12 de xullo do 2026 ata o 11 de xullo do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 12 de xullo do 2026.”



Considerando.- Que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando.- Que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do contrato de servizo das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro subscrito coa empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF B94054954), durante o período desde o 12 de xullo do 2026 ata o 11 de xullo do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	413.4123.226.19	14.300,41 €
2027	413.4123.226.19	16.046,39 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



21.37267.- ADMISIÓN DA EMPRESA FUNDI-TROF SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B02406452) NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN APROBADO PARA RACIONALIZAR A CONTRATACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS DE PUBLICIDADE, MERCHANDISING E PREMIOS PARA AS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025013680)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026, aprobou o expediente para implementar un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 20 de marzo de 2026, sendo publicado o día 23 de marzo de 2026 (Número de publicación do anuncio 197830-2026; número da edición do DO S: 57/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de marzo de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Na sesión ordinaria do día 15 de maio de 2026 a Xunta de Goberno acordou admitir ás seguintes empresas nas distintas categorías do sistema dinámico:

Categoría I: Material de publicidade

1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037)
2. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009)
3. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W)
4. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278)
5. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287)
6. Eurocebrían S.L. (CIF: B97199806)
7. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442)



8. Gallega de Publicidad y Merchandising S.L. (CIF: B10822948)
9. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482)
10. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
11. Laduda Publicidad S.L. (CIF: B93521334)
12. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S)
13. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493)
14. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988)
15. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
16. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)

Categoría 2: Trofeos e medallas

1. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806)
2. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
3. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002)
4. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
5. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporacións ao sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Tendo en conta o anterior, a mesa de Contratación, na reunión celebrada día 04 de xuño de 2026, procedeu á avaliación da candidatura presentada pola empresa Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452), e acordou seleccionar á citada empresa por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría 2 do Sistema dinámico de adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452) na Categoría 2 do Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.



A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

A data de comezo indicárase no documento de formalización. Establécese a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada unha delas.

Unha vez aceptada a proposta anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría 1: Material de publicidade

1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037)
2. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009)
3. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W)
4. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278)
5. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287)
6. Eurocebrían S.L. (CIF: B97199806)
7. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442)
8. Gallega de Publicidad y Merchandising S.L. (CIF: B10822948)
9. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482)
10. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
11. Laduda Publicidad S.L. (CIF: B93521334)
12. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S)
13. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493)
14. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988)
15. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
16. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)

Categoría 2: Trofeos e medallas

1. Eurocebrían S.L. (CIF: B97199806)
2. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
3. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002)



4. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
5. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)
6. Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452)

22.37268.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA “CIMENTACIÓN DE GRUPOS ESCULTÓRICOS EN A ILLA DAS ESCULTURAS. BIENAL 2025”. (Expte.2026035315)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2025009109 de data 13 de novembro de 2025 (CSV: XJQUY9KGT0RNZMED), adxudicouse á empresa RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE S.L. (B36501872) a contratación da obra “Cimentación de grupos escultóricos en A Illa das Esculturas. Bienal 2025”, por un importe de 7.841,42 € (IVE engadido) e un prazo de execución de dous (2) semanas a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 02/12/2025 formalizouse Acta de comprobación de replanteo, (CSV: LUZCM6E2K1XSJDD4).

Resultando.- Que con data 04/12/2025 acordase por parte da directora de obra e do representante da empresa contratista a paralización de obras, xa que as condicións meteorolóxicas impiden a continuación dos traballos por anegación das zonas o que non permite a continuación dos traballos ata que o terreo consiga secar o suficiente, o cal recollese na acta de paralización de obras (CSV: 97S62WQG8PCEXRGV).

Resultando.- Que con data 26/02/2026 a Directora de obra e o representante da empresa contratista acordan o reinicio das obras como se recolle na acta de reinicio de obras (CSV: YWB7IE47EJJ4HSIU).

Resultando.- Que con data 3 de marzo de 2026 finalizase a obra, non asinándose no momento a correspondente acta de recepción ao entender que ao tratarse dun contrato menor sería suficiente cunha dilixencia que acompañara a factura segundo interpretamos das instrucións de contratación aprobadas mediante Resolución Presidencial número 2023001138, de data 10 de febreiro de 2023, que no punto 14.2 *Recepción sen asistencia dun representante da Intervención establecen que “Nos supostos nos que a intervención da comprobación material do investimento non resulte preceptiva, a comprobación do investimento xustificárase coa acta de conformidade asinada por quenes participaron na mesma, ou cunha certificación expedida polo/a responsable do centro xestor en documento independente ou mediante dilixencia na mesma factura, facendo constar o “recibido e conforme” ou, no seu caso, “realizado e conforme” facéndose responsable das calidades, cantidades, prezos, data de entrega e demais requisitos e prescricións previamente establecidos, así como do cumprimento da lexislación aplicable”.*



Resultando.- Que con data 29 de abril de 2026 a empresa adxudicataria achega a certificación núm. 01 polo período comprendido entre o 02/12/2025 e o 03/03/2026 por importe de 6.274,35 € (CSV: 6F55KCD6XX40T7UK).

Resultando.- Que con data 6 de maio por indicacións de Intervención que considera necesario a firma da acta de recepción para este contrato, asinase dita acta de recepción de obra definitiva (CSV: EVMNR150A1ZPG4TP).

Resultando.- Que con data 7 de maio Intervención emite informe (CSV: W8KFTULGXBX8T6LZ) facendo constar as seguintes observacións:

*“A pesares de que figura no expediente unha acta de paralización e outra de reinicio das obras non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato.
As obras finalizaron o 03/03/2026 e a acta de recepción data do 06/05/2026, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido para recepcionar a obra (art. 210.2 da Lei 9/2017).”*

E concluíndo que: *“Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto”.*

Considerando.- Que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2026, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 01 da obra “Cimentación de grupos escultóricos en A Illa das Esculturas. Bienal 2025”, polo importe bruto de 6.274,35 €, de conformidade co seguinte detalle:

TERCEIRO	Aplicación orzamentaria	Importe
RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE S.L. (B36501872)	2026/333.3341.227.99	6.274,35 €
		Descontos
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		174,30 €
Total descontos		174,30 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		6.100,05 €



Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

23.37269.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº17 DO LOTE 2 DO "SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (Expte.2023001036)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de data 13 de setembro de 2024 acordou adxudicar a empresa "UTE AUDECA, SLU – NAROM, SL (UTE CONSERVACIÓN PONTECENTRO)", con NIF 75277111, o LOTE 2 do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra", por un importe de 8.573.277,78 € (IVE engadido) e un prazo de execución de CATRO (4) meses (CSV: TGUTOM4LQ75JKWCJ).

Resultando.- Que en data 21/05/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación núm. 17 da obra polo período comprendido entre o 01/03/2026 e o 31/03/2026, por importe de 88.957,49 € (CSV: 40IH6P5KAB97QHZQ).

Resultando.- Que remitida a citada certificación ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización, este devólvea informada en data 03/06/2026 (CSV: YX10OYSB8IY4XKSS), facendo constar as seguintes observacións:

"1. Segundo o apartado 10.3 CAPÍTULO III: "GRUPO III. OPERACIONES PROGRAMABLES" do P.P.T.P. que rexe o presente contrato, o contratista debe aportar un plan de traballos anual das actividades programables. Este, acorde ó prego, deberá recoller detalladamente certas operacións, indicando diversos datos sobre as mesmas. Tras a análise por esta Intervención do plan incluído no expediente, considérase que o documento achegado non acada as características mínimas que o plan de traballos esixido ha de ter e que debería superar o alcance dunha planificación económica. Así mesmo, non consta informe favorable ou validación do Plan polo responsable do contrato.

2. Apréciase unha demora importante na expedición da certificación, xa que comprende as obras executadas durante o mes de marzo de 2026 e a súa expedición realizouse o 11 de maio de 2026, excedendo amplamente o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde, establecido no art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público".



E conclúindo que *“Polos motivos expostos no apartado das observacións, a aprobación da certificación require seguir o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno”*.

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando.- Que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes precedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 17 da obra *“Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (LOTE 2)”*, polo importe bruto de 88.957,49 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro		UTE CONSERVACIÓN PONTECENTRO (U75277111)			
Aplicación orzamentaria		2026/456.4530.210.00			
Certificación núm.	Importe bruto	Descontos		Total descontos	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR
		Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	Control de calidade (3% PEM licit.)		
17	88.957,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	88.957,49 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.



24.37270.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Expte. 2026045461)

-Vista a relación de operacións con número 2026045461 (CSV: CPO0YURJFB9WA1U3), que contén 1 operación por un importe de 677,60 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	677,60 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	677,60 €

25.37271.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes: 2026044237, 2026044219)

a) Vista a relación de operacións con número 2026044237 (CSV: CIZIUYZ37CMMH6W3 que contén 7 operacións por un importe de 53.911,19 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	53.911,19 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	53.911,19 €



b) Vista a relación de operacións con número 2026044219 (CSV: CP7S9WPUIM6AIO6X), que contén 1 operación por un importe de 32,74 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	32,74 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	32,74 €

26.37272.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, AVANTE EVOLUCION DE MEDIOS, S.L. (B-70509971), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DO PLAN DE MEDIOS, IMPRESO E DIXITAL, DA BIENAL DE ARTE DE PONTEVEDRA PARA A EDICIÓN DO ANO 2025". (Expte. 2024081007) (Devogaran 2025068222)

Por acordo, número 19.35327, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 06 de xuño de 2025 (CSV.- CQI24MG5RGLR67P9), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de "Servizo de xestión integral do plan de medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025". (Núm. Exp. 2024081007).

Para garantir a correcta execución do contrato, a entidade mercantil AVANTE, EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L. (B-70509971), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
AVANTE, EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L. (B-70.509.971)	9.050,00€	1202500215181	17/11/2021



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Museo de Pontevedra (CSV.- C7UBZDC9HZDSMWV2), no cal sinala que "(...) *cabe informar que, Avante, Evolución de Medios, S.L. (CIF: B70.509.971), adxudicataria do contrato de "Servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025", cumpriu satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada (...)*".

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- L6EINHYSDEJVHE7), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil AVANTE, EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L. (B-70.509.971), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato que regulou a obra de "*Servizo de xestión integral do plan de medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025*" (Núm. Expte. 2024081007), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil AVANTE, EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L. (B-70509971), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CRÉDITO A LA EXPORTACIÓN, S.A. Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E. (A-28.264.034) "*Certificado de seguro nº 2025/77380 correspondiente a la póliza abierta de seguro de caución nº 1009335 de la que es parte integrante*", por importe de nove mil cincuenta euros (9.050,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 29/05/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12025000103937.



27.37273.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN "OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022 (LOTE 6. ZONA F2)". (Expte. 2022017784)(Devogaran 2026030203)

Por acordo número 3.7582 adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- I7XBNPNS4NVBWIEW), acordouse, entre outros asuntos, a *"Adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021"*. (Núm. Exp. 2020022322).

Dentro deste procedemento aberto e a través do acordo da Xunta de Goberno, número 17.31687, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de maio de 2022 (CSV.- GSY4IV14Q0DJ6ZIX), aprobouse a adxudicación dun Contrato Derivado do Acordo Marco que regula as "Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 6 - Zona F2)". (Expte.2022017784).

Para garantir a correcta execución do contrato, a entidade mercantil *CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886)	28.453,62€	202200093714	11/05/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servicio de Infraestructuras e Vías Provinciais (CSV.- 0HXXHJABNOXON0UX), no cal sinala que *"(...) Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista(...) polo que pode proceder a liquidación da obra (...)*.



En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 23/03/2023, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista (...)".

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 9Z6ML39VIALCNZ31), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato derivado que regulou as obras de *"Conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 6 - Zona F2)"* (Núm. Expte. 2022017784), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade GENERALI ESPAÑA, S.A. (A-28.007.268) *"Certificado de seguro de caución número 2N-G-716.000.337, correspondente á Póliza de Seguro de Caución de igual número"*, por importe de vinte e oito mil catrocentos cincuenta e tres euros con sesenta e dous céntimos (28.453,62 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 11/05/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030609 (*Número de Carta de Pago 202200093714*).



28.37274.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70220124), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO, MANTEMENTO CORRECTIVO E SOPORTE ESPECIALIZADO DA SOLUCIÓN DE CATALOGACIÓN E DIFUSIÓN DA QUE DISPÓN A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A EXPLOTACIÓN DO PATRIMONIO ARQUIVÍSTICO E BIBLIOGRÁFICO". (Expte. 2018057613) (Devogaran 2026041818)

Por acordo, número 4.28454, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrado na súa sesión extraordinaria, de data 10 de decembro de 2019 (CSV.- N9RANGYJ5P92EN6B), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de *"Desenvolvemento evolutivo, mantemento correctivo e soporte especializado da solución de catalogación e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico"*. (Núm. Exp. 2018057613).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70220124)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70.220.124)	8.820,00€	201900216604	29/11/2019

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV.- N5G8Q19UIJCO6HKY), no cal sinala que *"(...) este servizo informa que, o devandito contrato foi cumprido satisfactoriamente na súa totalidade con estrita suxeición ao prego de condicións económico-administrativas e ao de prescricións técnicas, sen que se observaran irregularidades imputables ao contratista durante o prazo de garantía do mesmo. (...)"*.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- D7L5AX0NHCXSRVO), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70.220.124)*, dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato que regulou o servizo de *“Desenvolvemento evolutivo, mantemento correctivo e soporte especializado da solución de catalogación e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico”* (Núm. Expte. 2018057613), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70220124), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade CAJAMAR CAJA RURAL, Sociedad Cooperativa de Crédito (F-04.743.175) *“Aval inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 165166”*, por importe de oito mil oitocentos vinte euros (8.820,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 29/11/2019, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030310.

29.37275.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29-05-2026 (ACORDO NÚMERO 19.37193), POLO QUE SE ADXUDICA O SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025069999)

Por acordo da Xunta de goberno de data 29 de maio de 2026 adxudícase o contrato mediante procedemento aberto do Servizo de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra, as empresas Deseño enxeñaría e xestión de obras S.L. (B94129368) o lote nº 1, Veolia servicios norte SAU (A15208408) o lote nº 2, e a Clece facility services S.A. (A87045498) lote nº 3, polos prezo ofertados que figuran no dito acordo.



Unha vez adxudicado o contrato, obsérvase un erro aritmético en dous importes , un no importe do IVE do lote nº 1 Arquitectura, da bolsa material de mantemento correctivo (anual), e outro no importe do lote nº 3 Centro Príncipe Felipe , do primeiro semestre 2027 servizo de mantemento.

Tendo en conta o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que “As Administracións Públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Rectificar o erro aritmético producido no acordo da Xunta de goberno de data 29 de maio de 2026 de adxudicación do Servizo de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra nos seguintes termos:

ONDE DIN:

1-

Bolsa material mantemento correctivo (anual)			
	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co IVE
Lote nº 1 Arquitectura	9.465,06€	1.987,66€	11.452,72€

2-Primeiro semestre 2027 Servizo de Mantemento

Lote 3 – Centro Príncipe Felipe:		
CPF	2027/232.2312.213.00	117.62,795€

DEBE DICIR:

1-

Bolsa material mantemento correctivo (anual)			
	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co IVE
Lote nº 1 Arquitectura	9.465,06€	1.987,00€	11.452,72€



2- Primeiro semestre 2027 Servizo de Mantemento

Lote 3 – Centro Príncipe Felipe:		
CPF	2027/232.2312.213.00	11.762,79€

30.37276.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29-05-2026 (ACORDO NÚMERO 18.37192), DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "REFORMA E ADECUACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN, CADRO XERAL DE BAIXA TENSIÓN E GRUPO ELECTRÓXENO NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE". (Expte. 2025062350)

Visto o erro padecido no acordo número 18.37192 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/05/2026 relativo á adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe".

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo ás aplicacións 26/232.2312.632.03.2025 e 26/232.2312.632.03.2023 do vixente orzamento provincial. (...)

DEBE DICIR:

(...)

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo ás aplicacións 26/232.2312.632.03.2025 e 26/232.2312.632.03 do vixente orzamento provincial.(...)



31.37277.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

32.37278.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acordou incluír na orde do día o seguinte asunto para o seu coñecemento, existindo informe previo xustificando a mesma:

1. ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DEPORTIVO ENTRE PONTES TRAIL & RUNNING DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2026001111)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17 de abril de 2026 (nº de acordo 42.36948), aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra*”, cos seguintes lotes:

- Lote nº 1. Servizo deportivo.
- Lote nº 2. Servizo de restauración móbil.

Resultando.- Que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de abril de 2026. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas, de prescricións técnicas, así como as bases reguladoras deste procedemento.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas, por lotes:

Lote nº 1: *Servizo deportivo:*

- NOKO 360 SPORTS CONSULTING, S.L. (NIF: B70599196)
- MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631)



Lote nº 2: *Servizo de restauración móbil:*

- JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)

Resultando.- Que a continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" do Lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Deportes para a súa valoración.

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" do Lote nº 2, correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, constando os valores ofertados no certificado do devandito órgano de asistencia, con CSV: FQBWF04DG0ZS7QUJ.

Resultando.- Que recibido informe do servizo de Deportes, de data 27 de maio de 2026 (CSV: VB6663A2NSZY2RRH), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 28 de maio de 2026, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres "C" do Lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Resultando.- Que de conformidade co exposto, a Mesa de Contratación na súa sesión do día 4 de xuño de 2026, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do lote nº 1 e 2º do contrato a favor das empresas Marmar Outdoor, S.L. (NIF: B70548631) e Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187), respectivamente, polos prezos e valores ofertados para o contrato.

Resultando.- Que o persoal técnico do servizo de Contratación comproba que a empresa Marmar Outdoor, S.L. (NIF: B70548631) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, co número de inscrición 7146. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar, así como ao corrente coas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e dada de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Resultando.- Que o persoal técnico do servizo de Contratación comproba que a empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, que a empresa atópase debidamente constituída. A través do sistema de



intermediación de datos constátase que a empresa atópase ao corrente coas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e dada de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número RP2026004593, de 5 de xuño 2026, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación e requiriu ás empresas Marmar Outdoor, S.L. (NIF: B70548631) e Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187), que presenta as mellores ofertas nos lotes nº 1 e 2 respectivamente, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Marmar Outdoor, S.L. (NIF: B70548631) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (registro entrada nº WEB2026049924, de data 11 de xuño de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.663,98 € (carta de pago núm. operación 12026000125446, do 11 de xuño de 2026).

Resultando.- Que a empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (registro entrada nº WEB2026049821, de data 11 de xuño de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 2.921,96 € (carta de pago núm. operación 12026000125445, do 11 de xuño de 2026).

Considerando.- O disposto nos artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de



2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do “programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra” ás empresas Marmar Outdoor, S.L. (NIF: B70548631) e Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187), nos lotes nº 1 e 2, respectivamente, polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

LOTE Nº 1. SERVIZO DEPORTIVO: MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631)

1.- Prezo ofertado:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, IVE engadido
145.707,15 €	30.598,50 €	176.305,65 €

Os prezos unitarios ofertados, resultantes de aplicarlle ao orzamento base de licitación a baixa ofertada polo adxudicatario, son os seguintes:

	Prezo unitario, sen IVE	IVE (21 %)	Prezo unitario, IVE engadido
Fase de arranque do programa (Bloque A)	4.960,25 €	1.041,66 €	6.001,91 €
Prezos por cada xornada			
Carreira 10k (3 carreiras)			
Actuacións previas, execución, peche e memoria final (Bloque B-C-D)	22.379,20 €	4.699,63 €	27.078,83 €
Trail 14k (3 trails)			
Actuacións previas, execución, peche e memoria final (Bloque B-C-D)	24.536,44 €	5.152,65 €	29.689,09 €



2.- Instalación dunha pantalla LED xigante: Oferta a subministración, instalación e posta en marcha dunha pantalla LED xigante en cada unha das seis (6) xornadas, coas especificacións técnicas mínimas esixidas na cláusula 9.2 deste prego.

LOTE Nº 2. SERVIZO DE RESTAURACIÓN MÓBIL: JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)

1.- Prezo ofertado:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, IVE engadido
51.426,48 €	10.799,56 €	62.226,04 €

Os prezos unitarios ofertados, resultantes de aplicarlle ao orzamento base de licitación a baixa ofertada polo adxudicatario, son os seguintes:

	Prezo unitario, sen IVE	IVE (21 %)	Prezo unitario, IVE engadido
Fase de arranque do programa (Bloque A)	3.872,68 €	813,27 €	4.685,95 €
Prezos por cada xornada			
Actuacións previas, execución, peche e memoria final (Bloque B-C-D)	7.925,63 €	1.664,38 €	9.590,01 €

2.- Inclusión de postre nos menús degustación por dorsal: Oferta a Inclusión de postre nos menús degustacións en cada unha das seis (6) xornadas para todos os participantes, coas especificacións técnicas mínimas esixidas na cláusula 9.3 deste prego.

3.- Inclusión no menú degustación dunha terceira proposta vexetariana: Oferta a Inclusión dunha terceira proposta vexetariana nos menús degustacións en cada unha das seis (6) xornadas para todos os participantes, coas especificacións técnicas mínimas esixidas na cláusula 9.3 deste prego.

O prazo de duración do contrato será de un (1) ano, a contar desde a data de formalización.

O prazo de execución das seis (6) xornadas do programa prevese, con carácter estimativo, entre os meses de xuño e decembro de 2026, sen prexuízo das adaptacións de calendario que poidan resultar necesarias por razóns organizativas, autorizacións, condicionantes ambientais, meteorolóxicos ou outras circunstancias debidamente xustificadas, nos termos previstos no PPT. Non se prevén prórrogas para esta contratación.



Financiamento: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Lote	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
1	2026	26/340.3410.227.99	176.305,65 €
2	2026	26/340.3410.227.99	62.226,04 €

Forma de pagamento: PARCIAL

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra á presentación das correspondentes facturas, acompañadas da documentación xustificativa que corresponda (memoria xustificativa asinada pola persoa responsable da empresa, na que se describan e acrediten as actuacións efectivamente executadas no período/fitos facturados, co correspondente desglose por bloques e conceptos previstos no PPT -incluíndo, no seu caso, recursos empregados, incidencias relevantes e entregables achegados-), en virtude do cumprimento dos fitos que se relacionan no prego técnico, previa conformidade e validación polo responsable do Servizo de Deportes, ou pola persoa responsable do contrato designada ao efecto. Os fitos de facturación nos lotes desagreganse na cláusula 5 do prego administrativo

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026001111	
Órgano xestor:	LA0006118	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: xefe de sección do servizo de Deportes ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

33.37279.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

